

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

## MINISTERIO DO INTERIOR

**9891** *Corrección de erratas da Orde INT/1676/2016, do 19 de outubro, pola que se modifica o anexo I do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.*

Advertidas erratas na Orde INT/1676/2016, do 19 de outubro, pola que se modifica o anexo I do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 255, con data do 21 de outubro de 2016, transcríbense a continuación as oportunas rectificacións:

Na páxina 3, a primeira táboa, que aparecía incompleta, débese substituír pola que se insire a continuación:

Códigos	Subcódigos	Adaptacións dos vehículos
35		Dispositivos de mandos adaptados (interruptores dos faros, lava/limpaparabrisas, bucina, intermitentes, etc.):
	35.02	Dispositivos de mandos accionables sen soltar o dispositivo de dirección.
	35.03	Dispositivos de mandos accionables sen soltar o dispositivo de dirección coa man esquerda.
	35.04	Dispositivos de mandos accionables sen soltar o dispositivo de dirección coa man dereita.
	35.05	Dispositivos de mandos accionables sen soltar o dispositivo de dirección e os mecanismos do acelerador e os freos.
40		Dirección adaptada:
	40.01	Dirección controlada cunha forza máxima de ... N (*) [por exemplo: «40.01(140 N)»].
	40.05	Volante adaptado (volante de sección máis grande ou máis grosa, volante de diámetro reducido, etc.).
	40.06	Posición adaptada do volante.
	40.09	Dirección controlada co pé.
	40.11	Dispositivo de asistencia no volante.
	40.14	Sistema de dirección adaptado alternativo controlado cunha man ou cun brazo.
	40.15	Sistema de dirección adaptado alternativo controlado coas dúas mans ou cos dous brazos.
42		Retrovisores interiores/laterais modificados:
	42.01	Retrovisor adaptado.
	42.03	Dispositivo interior adicional que permita a visión lateral.
	42.05	Dispositivo de visión do ángulo morto.
43		Posición de asento do condutor:
	43.01	Asento do condutor a unha altura adecuada para a visión normal e a unha distancia normal do volante e o pedal.
	43.02	Asento do condutor adaptado á forma do corpo.
	43.03	Asento do condutor con soporte lateral para mellorar a estabilidade.
	43.04	Asento do condutor con repousabrazos.
	43.06	Adaptación do cinto de seguridade.
	43.07	Tipo de cinto de seguridade con soporte para mellorar a estabilidade.
44		Adaptacións da motocicleta (subcódigo obrigatorio):
	44.01	Freo de mando único.

Códigos	Subcódigos	Adaptacións dos vehículos
	44.02	Freo da roda dianteira adaptado.
	44.03	Freo da roda traseira adaptado.
	44.04	Acelerador adaptado.
	44.08	Altura do asento axustada para permitir ao condutor alcanzar o solo cos dous pés en posición sentado e equilibrar a motocicleta durante a parada e en espera.
	44.09	Forza máxima de funcionamento do freo da roda dianteira... N (*) [por exemplo «44.09(140 N)»].
	44.10	Forza máxima de funcionamento do freo da roda traseira... N (*) [por exemplo «44.10(240 N)»].
	44.11	Repousapés adaptado.
	44.12	Guiador adaptado.
45		Unicamente motocicletas con sidecar.
46		Unicamente triciclos.
47		Limitado aos vehículos de máis de dúas rodas que non necesiten que o condutor os equilibre para o arranque e a parada e en espera.
50		Limitado a un vehículo/un número de chasis específico (número de identificación do vehículo, NIV). Letras utilizadas en combinación cos códigos 01 a 44 para maior precisión: a. Esquerdo. b. Dereito. c. Man. d. Pé. e. Medio. f. Brazo. g. Polgar.